A comisión organizadora da proba de acceso prevista no artigo 16 do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, é a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), que está integrada por representantes das tres universidades públicas de Galicia, da Administración educativa e do profesorado de bacharelato de centros públicos.

### **4. SOLICITUDE DE MATRÍCULA**

1. O alumnado formalizará a súa solicitude de matrícula para a proba de acceso nas datas e nos lugares que determine a comisión organizadora da proba.
2. O alumnado entregará as solicitudes de matrícula para a proba de acceso na secretaría do centro no que superase o segundo curso do bacharelato e segundo o modelo facilitado pola CIUG, indicando as materias elixidas para a realización da fase xeral e da fase específica.
3. O alumnado que desexe concorrer á proba de acceso deberá aboar as taxas correspondentes, de acordo co disposto no Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais na ensinanza universitaria. Estes trámites realizaranse no centro de educación secundaria no que o alumnado supere o bacharelato e nos prazos que determine a CIUG. Esta comisión facilitaralles aos centros de educación secundaria os impresos

para o aboamento das taxas e a relación de entidades bancarias en que o alumnado deberá realizar o ingreso.

4. O alumnado que superase o bacharelato en convocatorias anteriores presentará a súa solicitude de matrícula para a proba de acceso no LERD (lugar de entrega e recollida de documentación) da universidade que lle corresponda, segundo o disposto pola comisión organizadora. Este alumnado indicará, na súa solicitude de matrícula para a proba de acceso, os seus datos persoais e as materias elixidas para realización da fase xeral e da fase específica.

## 5. LUGARES DE REALIZACIÓN

O alumnado realizará os exercicios da proba de acceso á universidade nos lugares que determine a comisión organizadora da proba.

## 6. ESTRUCTURA DA PROBA

A proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao estrutúrase en dúas fases denominadas respectivamente **fase xeral e fase específica**.

A **fase xeral** ten por obxecto valorar a madurez e destrezas básicas que debe alcanzar o estudante ao finalizar o bacharelato para seguir as ensinanzas universitarias oficiais de grao.

A **fase específica**, de carácter voluntario, ten por obxecto a avaliación dos coñecementos e a capacidade de razoamento nuns ámbitos disciplinares concretos relacionados cos estudos que se pretende cursar e permite mellorar a cualificación obtida na fase xeral.

### 6.1. Fase xeral (obrigatoria e de validez indefinida)

Cada un dos exercicios presentarán dúas opcións diferentes entre as que o estudante deberá elixir unha. Duración: unha hora e media cada exercicio. Para a realización dos exercicios, os candidatos poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. No entanto, os exercicios correspondentes a Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Lingua Estranxeira deberán realizarse nos seus respectivos idiomas.

- **Primeiro exercicio:** *Lingua Castelá e Literatura*. Consistirá nun comentario, por escrito, dun texto non especializado e de carácter informativo ou divulgativo, relacionado coas capacidades e contidos da materia de Lingua Castelá e Literatura.
- **Segundo exercicio:** *Lingua Galega e Literatura*. Consistirá nun comentario, por escrito, dun texto non especializado e de carácter informativo ou divulgativo, relacionado coas capacidades e contidos da materia de Lingua Galega e Literatura. Estará exento da realización deste exercicio o alumnado con exención da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega e literatura nalgún dos dous cursos do bacharelato, así como o alumnado que non realizase algún dos dous cursos do bacharelato en Galicia.
- **Terceiro exercicio:** *Historia de España ou Historia da Filosofía*. Versará sobre as capacidades e contidos dunha das seguintes materias comúns do segundo curso do bacharelato: Historia de España ou Historia da Filosofía. Consistirá na resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecementos e capacidades que deban ser avaliados e cun formato de resposta que garantirá a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados.

- **Cuarto exercicio:** *Lingua Estranxeira* (pode elixirse entre alemán, francés, inglés, italiano ou portugués). Será dunha Lingua Estranxeira e terá como obxectivo valorar a comprensión lectora e a expresión escrita. Na realización do exercicio non se poderá empregar a axuda de dicionario nin de ningún outro material didáctico.
- **Quinto exercicio:** *Materia de modalidade do segundo curso do bacharelato*. Versará sobre os contidos dunha materia de modalidade do segundo curso do bacharelato. Consistirá na resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecementos e capacidades que deban ser avaliados e cun formato de resposta que garanta a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados.

O estudante indicará na solicitude de matrícula para a proba de acceso a materia de modalidade da que se examinará.

### Cualificación da fase xeral

Cada un dos exercicios da fase xeral cualificarase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. A cualificación da fase xeral será a media aritmética das cualificacións de todos os exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondado á milésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

### 6.2. Fase específica (voluntaria e con dous anos de validez)

1. Na fase específica cada estudante poderá examinarse dun máximo de catro materias de entre as de modalidade do segundo curso de bacharelato que deberán ser distintas da materia de modalidade elixida para a fase xeral.
2. Os exercicios de cada unha das materias elixidas polo estudante consistirán na resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecemento e capacidades que deban ser avaliados e cun formato de resposta que garanta a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados. Os exercicios presentarán dúas opcións diferentes entre as que o estudante deberá elixir unha.
3. A duración de cada un dos exercicios será dunha hora e media. Deberá establecerse un intervalo mínimo de 45 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.
4. O estudante indicará na solicitude de matrícula para a proba de acceso as materias de modalidade das que se examinará na fase específica e que, en todo caso, non poderán coincidir coa materia de modalidade escollida para a fase xeral.
5. Para a realización dos exercicios, os candidatos poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

### Cualificación das materias da fase específica

Cada unha das materias das que se examine o estudante na fase específica cualificarase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a cinco puntos.

## 7. SUPERACIÓN DA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (PAU): mínimo 5 puntos

O acceso á universidade española, tanto pública como privada, para cursar estudos universitarios oficiais de grao, requirirá, con carácter xeral, a superación da proba de acceso.

Considerarase superada a proba de acceso á universidade cando o estudante obtivese unha nota igual ou superior a cinco puntos como resultado da media ponderada do 60 por cento da nota media do bacharelato e o 40 por cento da cualificación da fase xeral e sempre que obtivese un mínimo de catro puntos na cualificación da fase xeral.

$$0,6 * NMB + 0,4 * CFX = >5$$

NMB = Nota media do bacharelato. CFX = Cualificación da fase xeral (mínimo de 4 puntos)

A cualificación da proba de acceso á universidade exprésarase en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

## 8. RECLAMACIÓNS

Sobre a cualificación outorgada a cada materia despois da primeira corrección, cada estudante poderá presentar ante a presidencia do tribunal a solicitude dunha segunda corrección dos exercicios en que se considere incorrecta a aplicación dos criterios xerais de avaliación e específicos de corrección e cualificación, ou a solicitude de reclamación ante a comisión organizadora, quedando excluída neste caso a posibilidade de solicitar a segunda corrección.

O prazo de presentación destas solicitudes será de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións.

## 9. NOTA DE ADMISIÓN ÁS ENSEÑANZAS UNIVERSITARIAS DE GRAO CON LÍMITE DE PRAZAS

Para a admisión ás ensinanzaas universitarias oficiais de grao nas que se produza un procedemento de concorrencia competitiva, é dicir, nas que o número de solicitudes sexa superior ao número de prazas ofertadas, as universidades públicas empregarán para a adxudicación das prazas a nota de admisión que corresponda, que se calculará coa seguinte fórmula e se exprésarase con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

No caso de empate na nota de admisión, para a adxudicación de prazas, terán opción preferente os estudantes que na fase xeral elixisen unha materia de modalidade vinculada á rama de coñecemento da ensinanza á que se solicite acceder.

$$\text{Nota de admisión} = 0,6 * NMB + 0,4 * CFX + a * M1 + b * M2$$

NMB = Nota media do bacharelato. CFX = Cualificación da fase xeral.

M1, M2 = As dúas materias superadas da fase específica con mellor cualificación unha vez aplicados os parámetros de ponderación. a, b = Parámetros de ponderación das materias da fase específica.

A nota de admisión incorporará as cualificacións das materias superadas da fase específica sempre que as devanditas materias estean adscritas á rama do coñecemento do título ao que se queira ser admitido.

## 10. SUCESIVAS CONVOCATORIAS

Os estudantes poderán presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación da fase xeral. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

Os estudantes poderán presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación de calquera das materias da fase específica. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior, e tendo en conta o período de validez de superación das materias de modalidade da fase específica.

Nas sucesivas convocatorias, no caso de presentarse a mellorar a cualificación de calquera das fases, a proba de acceso realizarase na universidade pública ou distrito universitario ao que estea adscrito, para os efectos indicados, o centro de educación secundaria no que obtivesen o título de bacharel ou na universidade ou distrito universitario ao que estea adscrito o centro de educación secundaria máis próximo ao seu lugar de residencia.

## 11. PERÍODO DE VALIDEZ DAS PROBAS

A cualificación da fase xeral terá validez indefinida, sempre que se supere a proba de acceso á universidade.

A cualificación das materias da fase específica terá validez para o acceso á universidade durante os dous anos académicos seguintes á superación destas.

## 12. ADSCRICIÓN DAS MATERIAS DE MODALIDADE IMPARTIDAS NO SEGUNDO CURSO DO BACHARELATO ÁS RAMAS DE COÑECEMENTO

Materias de modalidade	Ramas de coñecemento
Análise Musical II	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Anatomía Aplicada	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias da Saúde</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Artes Escénicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Bioloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias</li> <li>• Ciencias da Saúde</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Ciencias da Terra e Ambientais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias</li> <li>• Ciencias da Saúde</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>

<b>Materias de modalidade</b>	<b>Ramas de coñecemento</b>
Cultura Audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Debuxo Artístico II	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Debuxo Técnico II	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Deseño	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Economía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Economía da Empresa	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Electrotecnia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Física	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias</li> <li>• Ciencias da Saúde</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Grego II	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Historia da Música e da Danza	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Historia da Arte	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Historia do Mundo Contemporáneo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Latín II	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Linguaxe e Práctica Musical	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Literatura Universal	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>

Materias de modalidade	Ramas de coñecemento
Matemáticas II	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias</li> <li>• Ciencias da Saúde</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Química	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias</li> <li>• Ciencias da Saúde</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Tecnoloxía Industrial II	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Volume	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Xeografía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Imaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Mecánica	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>

### 13. ADSCRICIÓN DAS OPCÍONS OU VÍAS DE ACCESO DAS PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE ESTABLECIDAS POR NORMATIVAS ANTERIORES ÁS RAMAS DE COÑECEMENTO

Opcións das PAU de COU	Ramas de coñecemento
A – Tecnoloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias</li> <li>• Ciencias da Saúde</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
B – Ciencias da Natureza e da Saúde	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias</li> <li>• Ciencias da Saúde</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>

C – Ciencias Sociais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
D – Humanidades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Vías de acceso das PAU de LOXSE	Ramas de coñecemento
1 – Científico-Tecnolóxica	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias</li> <li>• Ciencias da Saúde</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
2 – Ciencias da Saúde	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias</li> <li>• Ciencias da Saúde</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
3 – Humanidades	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
4 – Ciencias Sociais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
5 – Artes	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>

#### 14. MATERIAS DE BACHARELATO QUE NON SON OBXECTO DE EXAME NA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (PAU) POR IMPARTIRSE EN GALICIA NO PRIMEIRO CURSO DO BACHARELATO

Para o alumnado que se examinase dalgunha destas materias na proba de acceso á universidade da súa comunidade autónoma, o parámetro de ponderación será de 0,1 no caso de que estas estean adscritas á rama de coñecemento do título ao que se quere acceder, segundo o recollido a continuación:

Materias de modalidade	Ramas de coñecemento
Anatomía Aplicada	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias da Saúde</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Cultura Audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Economía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>



Historia do Mundo Contemporáneo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Linguaxe e Práctica Musical	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Volume	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>

## 15. ADSCRICIÓN DOS TÍTULOS DE TÉCNICO SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL, DE TÉCNICO SUPERIOR DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO E DE TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR, OU TÍTULOS EQUIVALENTES, ÁS RAMAS DE COÑECEMENTO

A. Técnico superior de formación profesional		
Familia profesional	Ramas de coñecemento	Ramas de coñeceme
Actividades Físicas e Deportivas	Técnico Superior en Animación de actividades Físicas e Deportivas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas.</li> <li>• Ciencias da Saúde.</li> </ul>
Actividades Marítimo - Pesqueiras	Técnico Superior en Navegación, pesca e transporte marítimo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior Producción Acuícola.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior en Supervisión e Control de máquinas e instalacións do Buque.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
Administración e Xestión	Técnico Superior en Administración e Finanzas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas.</li> </ul>
	Técnico Superior en Secretariado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas.</li> </ul>
Agraria	Técnico Superior en Xestión e Organización dos recursos Naturais e Paisaxísticos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior en Xestión e Organización de Empresas Agropecuarias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
Artes Gráficas	Técnico Superior en Deseño e Producción Editorial.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior Producción en Industrias de Artes Gráficas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>

## A. Técnico superior de formación profesional

Familia profesional	Ramas de coñecemento	Ramas de coñeceme
Comercio e Marketing	Técnico Superior en Comercio Internacional.	• Ciencias Sociais e Xurídicas.
	Técnico Superior en Xestión Comercial e Marketing.	• Ciencias Sociais e Xurídicas.
	Técnico Superior en Xestión do Transporte.	• Ciencias Sociais e Xurídicas.
	Técnico Superior en Servizos ao Consumidor.	• Ciencias Sociais e Xurídicas.
Edificación e Obra Civil	Técnico Superior en Desenvolvemento de Proxectos urbanísticos e operacións topográficas.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Desenvolvemento e Aplicación de Proxectos de Construción.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Proxectos de Edificación.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Realización e Plans de Obras.	• Enxeñaría e Arquitectura.
Electricidade e Electrónica	Técnico Superior en Sistemas de Telecomunicación e Informáticos.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Sistemas de Regulación e Control Automáticos.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Sistemas Electrotécnicos e Automatizados.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Desenvolvemento de Produtos Electrónicos.	• Enxeñaría e Arquitectura.
Energía e Auga	Técnico Superior en Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica.	• Ciencias • Enxeñaría e Arquitectura.

A. Técnico superior de formación profesional		
Familia profesional	Ramas de coñecemento	Ramas de coñeceme
Fabricación Mecánica	Técnico Superior en Programación de la Producción en Fabricación Mecánica.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Producción por fundición e Pulvimetalurxía.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Construcións Metálicas.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Óptica e Anteollería.	• Ciencias da Saúde. • Enxeñaría e Arquitectura. • Ciencias.
	Técnico Superior en Deseño en Fabricación Mecánica.	• Enxeñaría e Arquitectura.
Hostalería e Turismo	Técnico Superior en Animación Turística.	• Artes e Humanidades. • Ciencias Sociais e Xurídicas.
	Técnico Superior en Axencias de Viaxe e Xestión de Eventos.	• Artes e Humanidades. • Ciencias Sociais e Xurídicas.
	Técnico Superior en Dirección de Cociña.	• Ciencias Sociais e Xurídicas.
	Técnico Superior en Dirección en Servizos de Restauración.	• Ciencias Sociais e Xurídicas.
	Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turísticas.	• Artes e Humanidades. • Ciencias Sociais e Xurídicas.
	Técnico Superior en Xestión de Aloxamentos Turísticos.	• Artes e Humanidades. • Ciencias Sociais e Xurídicas.
Imaxe Persoal	Técnico Superior en Asesoría de Imaxe Persoal.	• Ciencias da Saúde. • Ciencias.
	Técnico Superior en Estética.	• Ciencias da Saúde. • Ciencias.
Imaxe e Son	Técnico Superior en Imaxe.	• Artes e Humanidades. • Ciencias Sociais e Xurídicas. • Arquitectura e Enxeñaría.
	Técnico Superior en Producción de Audiovisuais, Radio e Espectáculos.	• Artes e Humanidades. • Ciencias Sociais e Xurídicas. • Arquitectura e Enxeñaría.

**A. Técnico superior de formación profesional**

<b>Familia profesional</b>	<b>Ramas de coñecemento</b>	<b>Ramas de coñeceme</b>
Imaxe e Son	Técnico Superior en Realización de Audiovisuais e Espectáculos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades.</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas.</li> <li>• Arquitectura e Enxeñaría.</li> </ul>
	Técnico Superior en Son.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades.</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas.</li> <li>• Arquitectura e Enxeñaría.</li> </ul>
Industrias Alimentarias	Técnico Superior en Vitivinicultura.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> </ul>
	Técnico Superior en Procesos e Calidade na Industria Alimentaria.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> <li>• Ciencias.</li> </ul>
Informática e Comunicións	Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos en Rede.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
Instalación e Mantemento	Técnico Superior en Mantemento de Instalacións Térmicas e de Fluídos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior en Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e de Fluídos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior en Mantemento de equipo Industrial.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior en Prevención de Riscos profesionais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
Madeira, Moble e Cortiza	Técnico Superior Desenvolvemento de Produtos de Carpintería e Moble.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior de Producción de Madeira e Moble.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>

A. Técnico superior de formación profesional		
Familia profesional	Ramas de coñecemento	Ramas de coñeceme
Química	Técnico Superior Plásticos e Caucho.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior Fabricación de Produtos Farmacéuticos e Afíns.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior Industrias Procesos de Pasta e Papel.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior Química Ambiental.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior en Laboratorio de Análise e de Control de Calidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> </ul>
	Técnico Superior en Química Industrial.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
Saúde	Técnico Superior en Próteses Dentais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias da Saúde.</li> </ul>
	Técnico Superior en Hixiene Bucodental.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias da Saúde.</li> </ul>
	Técnico Superior en Ortoprotésica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias da Saúde.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior en Audioloxía Protésica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias da Saúde.</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul>
	Técnico Superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias da Saúde.</li> <li>• Ciencias.</li> </ul>
	Técnico Superior en Anatomía Patolóxica e Citoloxía.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias da Saúde.</li> <li>• Ciencias.</li> </ul>
	Técnico Superior en Dietética.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias.</li> <li>• Ciencias da Saúde.</li> </ul>
	Técnico Superior en Documentación Sanitaria.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas.</li> <li>• Ciencias da Saúde.</li> </ul>
	Técnico Superior en Radioterapia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias da Saúde Ciencias.</li> </ul>
	Técnico Superior en Imaxe para o Diagnóstico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias da Saúde.</li> <li>• Ciencias.</li> </ul>
Técnico Superior en Saúde Ambiental.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias da Saúde.</li> <li>• Ciencias.</li> </ul>	

## A. Técnico superior de formación profesional

Familia profesional	Ramas de coñecemento	Ramas de coñeceme
Servizos Socioculturais e á Comunidade	Técnico Superior en Integración Social.	• Ciencias Sociais e Xurídicas.
	Técnico Superior en Educación Infantil.	• Ciencias Sociais e Xurídicas.
	Técnico Superior en Animación Sociocultural.	• Ciencias Sociais e Xurídicas.
	Técnico Superior en Interpretación da Linguaxe de Signos.	• Artes e Humanidades. • Ciencias Sociais e Xurídicas.
Téxtil, Confección e Pel	Técnico Superior en Vestiario a Medida e para Espectáculos.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Deseño e Produción de Calzado e Complementos.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Padroaxe e Moda.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Procesos téxtiles de Fiadura e Tecedura Calada.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Procesos téxtiles en Tecedura de Punto.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Procesos de ennobrecemento Téxtil.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Curtidos.	• Enxeñaría e Arquitectura.
Transporte e Mantemento de Vehículos	Técnico Superior en Automoción.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en mantemento aeromecánico.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en mantemento de aviónica.	• Enxeñaría e Arquitectura.
Vidro e Cerámica	Técnico Superior Fabricación e Transformación de Produtos de Vidro.	• Enxeñaría e Arquitectura.
	Técnico Superior en Desenvolvemento e Fabricación de Produtos Cerámicos.	• Enxeñaría e Arquitectura.

<b>B. Técnico superior de artes plásticas e deseño</b>	
<b>Familia profesional</b>	<b>Ramas de coñecemento</b>
Artes e Artesanías	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Artes Aplicadas á Indumentaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Artes Aplicadas ao Libro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Artes Aplicadas ao Muro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Arte Floral	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Cerámica Artística	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Deseño Gráfico	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li> </ul>
Deseño Industrial	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Deseño de Interiores	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Esmaltes Artísticos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Xoiaría da Arte	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Téxtiles Artísticos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>
Vidro Artístico	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artes e Humanidades</li> <li>• Ciencias</li> <li>• Enxeñaría e Arquitectura</li> </ul>

<b>C. Técnico deportivo superior</b>	
<b>Familia profesional</b>	<b>Ramas de coñecemento</b>
Títulos de técnico deportivo superior de calquera modalidade ou especialidade deportiva	<ul style="list-style-type: none"><li>• Ciencias da Saúde</li><li>• Ciencias Sociais e Xurídicas</li></ul>



8

## **Ingreso nos centros universitarios do SUG**

Proceso de admisión e matrícula





## 1. REQUISITOS DE ACCESO

Poderán acceder ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia as persoas que reúnan calquera dos seguintes requisitos:

1. Ter superada a proba de acceso á universidade establecida no Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, ou segundo normativas anteriores, estando en posesión de calquera dos títulos e certificados que se indican a continuación:
  - Título de bacharel relacionado nos artigos 37 e 50.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
  - Título de bacharel establecido pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.
  - Certificado acreditativo de ter superado o curso de orientación universitaria.
  - Certificado acreditativo de ter superado o curso preuniversitario.
  - Calquera outro título que o Ministerio de Educación declare equivalente, para estes efectos, ao título de bacharel regulado pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
  - Título homologado ao título español de bacharel para estudantes de sistemas educativos estranxeiros.
2. Cumprir os requisitos esixidos para o acceso á universidade nos sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros estados cos que España subscribise acordos internacionais nesta materia, segundo o previsto no artigo 38.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
3. Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, prevista na disposición adicional vixésimo quinta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, ou tela superada, no Sistema Universitario de Galicia, segundo normativas anteriores.
4. Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 45 anos, prevista no artigo 42.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril.
5. Posuír un título de técnico superior de formación profesional, ensinanzas de artes plásticas e deseño ou de técnico deportivo superior, aos que se refiren os artigos 44, 53 e 65 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou títulos equivalentes.
6. Posuír un título universitario oficial de grao ou título equivalente.
7. Posuír un título universitario oficial de diplomado, mestre, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro, correspondentes á anterior ordenación das ensinanzas universitarias, ou título equivalente.

8. Estar en condicións de acceder á universidade segundo ordenacións educativas anteriores á establecida polo Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, non sinaladas nas epígrafes anteriores.

## 2. ORGANIZACIÓN DO ACCESO

A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) xestionará o proceso de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia cumprindo co principio de distrito único.

## 3. CONVOCATORIAS DE ACCESO

O proceso de acceso constará de dúas convocatorias de preinscrición: ordinaria e extraordinaria. En cada unha delas, a CiUG establecerá as datas para a entrega das solicitudes de acceso e das reclamacións á preinscrición, respectando os prazos mínimos que estableza para todas as universidades a Conferencia General de Política Universitaria. As datas para a presentación das solicitudes de acceso serán as mesmas para todo o Sistema Universitario de Galicia e faranse públicas na sede da CiUG, nos lugares de entrega e recollida de documentación (LERD) e nos reitorados das tres universidades de Galicia, tendo efectos de notificación oficial aos interesados.

## 4. OFERTA DE PRAZAS

As universidades do Sistema Universitario de Galicia farán público o número máximo de prazas que oferten para cada titulación e centro. A CiUG publicará, en cada unha das convocatorias de preinscrición, o número de prazas que para cada titulación, centro e cota oferten as universidades.

O alumnado realizará todos os trámites administrativos do proceso de acceso no LERD que elixa, tendo en conta a territorialización destes nos campus das tres universidades de Galicia.

O total de prazas que para cada título e centro oferten as universidades repartiranse entre a cota xeral e as cotas de reserva.

As prazas obxecto de reserva que queden sen cubrir acumularanse ás ofertadas polas universidades pola cota xeral en cada unha das convocatorias de preinscrición

O total de prazas que, se é o caso, se oferten en cada titulación e centro na convocatoria extraordinaria, repartiranse atendendo ás porcentaxes dispostas para as cotas de reserva. Non obstante, deberase ter en conta que, se o novo número que resulte en cada cota de reserva é maior que as prazas que sobraron na devandita cota na convocatoria ordinaria, tomarase como oferta de prazas as que sobraron na convocatoria ordinaria.

Os alumnos e as alumnas que reúnan os requisitos para solicitar o acceso por máis dunha cota poderán facer uso da devandita posibilidade.

### 4.1. Cota xeral

As prazas da cota xeral adxudicaráselles aos estudantes que reúnan algún dos requisitos establecidos nas alíneas 1, 2, 5 e 8 do epígrafe Requisitos de acceso.

### 4.2. Cota de reserva

Reservarase unha porcentaxe do total de prazas que para cada título e centro oferten as universidades para as cotas de reserva que se sinalan a continuación:

**Titulados universitarios ou equivalentes:**

Para as persoas que estean en posesión dunha titulación universitaria oficial ou equivalente reservarase o 2 por cento das prazas totais de cada titulación.

**Alumnado con discapacidade:**

Para os estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, así como para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade, que durante a súa escolaridade anterior precisasen de recursos e apoios para a súa plena normalización educativa, reservarase o 5 por cento das prazas totais de cada titulación.

O certificado, ditame ou procedemento de valoración das discapacidades, realizarao o órgano competente da comunidade autónoma de procedencia do interesado ou interesada.

Non obstante, e en atención ás persoas con discapacidade, cando non se oferte unha titulación e centro na convocatoria extraordinaria, por terse cuberto a totalidade das prazas na convocatoria ordinaria e algunha das prazas desta cota de reserva fosen acumuladas á cota xeral na convocatoria ordinaria por non concorrer solicitantes suficientes, as universidades poderán aumentar as prazas, ata completar o 5 por cento, para que accedan os estudantes con discapacidade que participen na convocatoria extraordinaria.

**Deportistas de alto nivel e alto rendemento:**

Para os deportistas de alto nivel ou de alto rendemento que acrediten esta condición, reservarase o 3 por cento das prazas totais de cada titulación, agás nos casos das titulacións oficiais de grao en ciencias da actividade física e do deporte e grao en fisioterapia, en que se reservará un 8 por cento do total.

As cotas de reserva de prazas para os deportistas de alto nivel ou alto rendemento manteranse nas diferentes convocatorias de preinscrición que se realicen ao longo do ano.

Os deportistas de alto nivel ou alto rendemento estarán exentos da realización das probas específicas de acceso ao grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

**Maiores de 25 anos:**

Para os estudantes que superasen a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos de idade, reservarase o 2 por cento das prazas totais de cada titulación.

**Maiores de 45 anos:**

Para os estudantes que superasen a proba de acceso á universidade para maiores de 45 anos de idade, reservarase o 2 por cento das prazas totais de cada titulación.

**5. NORMAS PARA A SOLICITUDE DE ACCESO EN TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS**

1. A solicitude de acceso entregarase debidamente cuberta, dentro dos prazos establecidos pola CiUG, nalgún dos LERD ou mediante os procedementos telemáticos que se establezan.
2. O alumnado poderá indicar na súa solicitude de acceso, por orde de preferencia, ata cinco titulacións diferentes, cun máximo de dez peticións no caso de titulacións autorizadas en máis dun centro.
3. As universidades desestimarán as solicitudes de acceso que non cumpran cos requisitos exisidos nas convocatorias de preinscrición. Contra esta decisión, o alumnado poderá presentar

reclamación ante o presidente da CiUG, no LERD elixido polo alumno ou alumna para a entrega da súa solicitude de acceso e nos prazos establecidos para o efecto.

A resolución da reclamación correspóndelle á CiUG e será asinada polo delegado ou delegada do reitor da universidade na que se imparta a titulación que motivou a reclamación.

É fundamental a orde de preferencia, xa que o/a alumno/a será admitido/a nunha única titulación, que será aquela de maior preferencia na que acadase a nota do último alumno admitido. As titulacións solicitadas en menor preferencia ca aquela na que resulte admitido eliminaranse automaticamente das listas de espera.

Na convocatoria de setembro non se ofertarán as titulacións que cubrisen todas as prazas na matrícula de xuño nin aquelas nas que a Comisión Interuniversitaria estime que existen datos obxectivos que aconsellan esta acción.

## 6. PRIORIDADE TEMPORAL NA ADXUDICACIÓN

Para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao nas que se produza un procedemento de concorrencia competitiva, é dicir, nas que o número de solicitudes sexa superior ao número de prazas ofertadas, as universidades adxudicarán as prazas atendendo aos seguintes criterios:

- a) En primeiro lugar, adxudicaranse prazas aos estudantes que reúnan os requisitos académicos para o acceso á universidade na convocatoria ordinaria do ano en curso ou en convocatorias ordinarias ou extraordinarias de anos anteriores.
- b) En segundo lugar, adxudicaranse prazas aos estudantes que reúnan os requisitos académicos para o acceso á universidade na convocatoria extraordinaria do ano en curso.
- c) En todo caso, deberase ter en conta que o alumnado que presente na convocatoria extraordinaria a súa solicitude de admisión para o ingreso terá prioridade de setembro na adxudicación de prazas, aínda que superase a proba de acceso á universidade ou os estudos que o habiliten para acceder á universidade na convocatoria ordinaria do ano en curso ou en anos anteriores.

Dentro de cada unha destas preferencias, as solicitudes ordenaranse de maior a menor nota de acceso.

Para o acceso ás titulacións con límite de prazas non existe unha nota determinada previamente, senón que esta depende do número de prazas existentes para a titulación, do número de solicitantes e das cualificacións que estes acaden.

Esta nota de acceso ou nota de corte correspóndese coa nota do último alumno admitido en cada titulación.

## 7. CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS EN TITULACIÓN CON LÍMITE DE PRAZAS

As solicitudes que, atendendo aos criterios recollidos no punto anterior, se atopan en igualdade de condicións, ordenaranse en función da nota de admisión que corresponda, expresada con tres cifras decimais e arredondada á milésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior, tendo en conta o disposto nos seguintes epígrafes:

- a) Estudantes que superen a proba de acceso á universidade regulada polo Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, e estean en posesión de calquera dos títulos ou certificados relacionados na alínea 1 do epígrafe Requisitos de acceso.

A nota de admisión calcularase coa seguinte fórmula:

$$\text{Nota de admisión} = 0,6 * \text{NMB} + 0,4 * \text{CFX} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

NMB = Nota media do bacharelato. CFX = Cualificación da fase xeral.  
M1, M2 = As dúas materias superadas da fase específica con mellor cualificación unha vez aplicados os parámetros de ponderación. a, b = Parámetros de ponderación das materias da fase específica.

A nota de admisión incorporará as cualificacións das materias superadas na fase específica sempre que estas materias estean adscritas á rama do coñecemento do título que se solicite.

- b) Estudantes que teñan superada a proba de acceso á universidade segundo normativas anteriores á establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A nota de admisión calcularase coa seguinte fórmula:

$$\text{Nota de admisión} = \text{CDA} + a * \text{C1} + b * \text{C2}$$

CDA = Cualificación definitiva de acceso á universidade superada con anterioridade ao ano 2010.  
C1, C2 = As dúas materias do segundo exercicio da proba de acceso que fai valer, cun valor mínimo de 5 puntos, con maior cualificación unha vez aplicados os parámetros de ponderación.  
a, b = Parámetros de ponderación das materias da fase específica.

A nota de admisión incorporará as cualificacións das materias superadas na segunda parte da proba de acceso sempre que estas materias estean adscritas á rama do coñecemento do título que se solicite.

Malia o anterior, poderán presentarse á fase específica da proba de acceso á universidade establecida polo Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro. Neste caso a nota de admisión calcularase coa seguinte fórmula:

$$\text{Nota de admisión} = \text{CDA} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

CDA = Cualificación definitiva de acceso á universidade superada con anterioridade ao ano 2010.  
M1, M2 = As dúas materias superadas da fase específica con mellor cualificación unha vez aplicados os parámetros de ponderación. a, b = Parámetros de ponderación das materias da fase específica.

A nota de admisión incorporará as cualificacións das materias superadas na fase específica sempre que estas materias estean adscritas á rama do coñecemento do título que se solicite.

- c) Estudantes procedentes de sistemas educativos de estados membros da Unión Europea ou doutros estados cos que España subscribise acordos internacionais nesta materia, segundo o previsto no artigo 38.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sempre que cumpran os requisitos esixidos no seu respectivo país para o acceso á universidade.

A nota de admisión será a cualificación que conste na credencial expedida pola Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

Cando estes estudantes se presenten na UNED á fase específica da proba de acceso á universidade establecida polo Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, a nota de admisión calcularase coa seguinte fórmula:

$$\text{Nota de admisión} = \text{CC} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

CC = Cualificación da credencial expedida pola UNED.  
M1, M2 = As dúas materias superadas da fase específica con mellor cualificación unha vez aplicados os parámetros de ponderación. a, b = Parámetros de ponderación das materias da fase específica.

A nota de admisión incorporará as cualificacións das materias superadas na fase específica sempre que estas materias estean adscritas á rama do coñecemento do título que se solicite.

No caso de que na credencial expedida pola UNED non conste cualificación, a nota de admisión calcularase cunha cualificación de credencial de cinco puntos.

- d) Estudantes con probas de madurez, que superasen o bacharelato superior e o curso preuniversitario.

A nota de admisión será a nota media resultante da puntuación obtida, no seu día, nas probas de madurez e a nota media do expediente académico do bacharelato superior e do curso preuniversitario, calculada, se é o caso, de acordo co disposto na Resolución do 11 de abril de 2008, da Secretaría Xeral de Educación, pola que se establecen as normas para a conversión das cualificacións do expediente académico do alumnado de bacharelato de cualitativas en cuantitativas.

- e) Estudantes que superasen o curso de orientación universitaria con anterioridade ao curso 1974-1975.

A nota de admisión será a nota media resultante da nota media do bacharelato unificado polivalente ou, se é o caso, do bacharelato superior e do curso de orientación universitaria, calculada, se é o caso, de acordo co disposto na Resolución do 11 de abril de 2008, da Secretaría Xeral de Educación, pola que se establecen as normas para a conversión das cualificacións do expediente académico do alumnado de bacharelato de cualitativas en cuantitativas.

- f) Estudantes de plans de estudos anteriores ao ano 1953.

A nota de admisión será a nota media do expediente académico do bacharelato, calculada, se é o caso, de acordo co disposto na Resolución do 11 de abril de 2008, da Secretaría Xeral de Educación, pola que se establecen as normas para a conversión das cualificacións do expediente académico do alumnado de bacharelato de cualitativas en cuantitativas.

- g) Estudantes que acrediten estar en posesión dun título universitario de grao.

A nota de admisión calcularase de acordo co establecido no artigo 5.2 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais de grao.

A nota media do expediente académico será o resultado da aplicación da seguinte fórmula: suma dos créditos obtidos polo/a alumno/a multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan, a partir das seguintes equivalencias: aprobado = 1; notable = 2; sobresaliente = 3 e matrícula de honra = 4. O resultado dividirase polo número de créditos totais obtidos polo alumno ou alumna. Para os efectos do cálculo da nota de admisión para cursar ensinanzas universitarias oficiais de grao non se terán en conta as materias que aparezan superadas sen nota (apto). As materias validadas nas que non conste cualificación terán o valor equivalente a un aprobado.

- h) Estudantes que acrediten estar en posesión dun título universitario oficial de diplomado, mestre, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente a estes.

A nota de admisión calcularase de acordo co establecido no artigo 5.2 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais de grao.

Para os plans estruturados en créditos, a nota media do expediente académico será o resultado da aplicación da seguinte fórmula: suma dos créditos obtidos polo/a alumno/a multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan, a partir das seguintes equivalencias: aprobado = 1; notable = 2; sobresaliente = 3 e matrícula de honra = 4. O resultado dividirase polo número de créditos totais obtidos polo alumno ou alumna.

Para os plans non estruturados en créditos, a nota media do expediente académico será o resultado da aplicación da seguinte fórmula: suma das materias superadas polo alumno ou alumna mul-



tiplicando cada unha delas polo valor das cualificacións que correspondan, a partir das seguintes equivalencias: aprobado = 1; notable = 2; sobresaliente = 3 e matrícula de honra = 4. O resultado dividirase polo número total de materias da ensinanza correspondente. No caso de materias cuatrimestrais ou semestrais, contabilizarase a metade do valor da cualificación na suma (aprobado = 0,5; notable = 1; sobresaliente = 1,5; matrícula de honra = 2) e a metade da materia no divisor.

Para os efectos do cálculo da nota de admisión para cursar ensinanzas universitarias oficiais de grao, para os dous plans de estudos, non se terán en conta as materias que aparezan superadas sen nota (apto). As materias validadas nas que non conste cualificación terán o valor equivalente a un aprobado.

- i) Estudiantes que acrediten estar en posesión dos títulos de técnico superior de formación profesional, técnico superior de artes plásticas e deseño e técnico deportivo superior aos que se refiren os artigos 44, 53 e 65 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación .

A nota media do expediente académico calcularase mediante a suma das cualificacións numéricas dos módulos, cualificados de 1 a 10, sen decimais, e dividindo o resultado obtido polo número total destes. Para os efectos do cálculo da nota media, non será computado o módulo de formación en centros de traballo nin aqueloutros módulos que fosen obxecto de validación. A nota media do expediente exprésase con dúas cifras decimais e arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

A nota de admisión calcularase coa seguinte fórmula:

$$\text{Nota de admisión} = \text{NMC} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

NMC = Nota media do ciclo formativo. M1, M2 = As dúas materias superadas da fase específica con mellor cualificación unha vez aplicados os parámetros de ponderación.  
a, b = Parámetros de ponderación das materias superadas da fase específica.

- k) Estudiantes que acrediten estar en posesión de títulos declarados equivalentes aos títulos de técnico superior de formación profesional, de artes plásticas e deseño e de técnico deportivo superior de ensinanzas deportivas da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A nota media do expediente académico calcularase de acordo co disposto na Resolución do 4 de xuño de 2001 da Dirección General de Universidades, pola que se establecen normas para o cálculo da nota media do expediente académico dos alumnos que acceden ás ensinanzas universitarias conducentes á obtención de títulos oficiais dende a formación profesional.

- l) Estudiantes que validasen os seus estudos estranxeiros polos de formación profesional do sistema educativo español.

A nota media do expediente académico calcularase de acordo co disposto na Resolución do 7 de maio de 1996 da Dirección General de Investigación Científica y Enseñanza Superior.

- m) Estudiantes que superen a proba de acceso á universidade de maiores de 25 anos regulada polo Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro.

A nota de admisión será a cualificación final obtida na proba.

- n) Estudiantes que teñan superada a proba de acceso á universidade de maiores de 25 anos segundo normativas anteriores á establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A nota de admisión será a cualificación final obtida na proba.

- o) Estudiantes que superen a proba de acceso á universidade de maiores de 45 anos regulada polo Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro.

A nota de admisión será a cualificación final obtida na proba.

## 8. PREFERENCIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

Nos casos de empate na nota de admisión, terán opción preferente na adxudicación de prazas:

1. Da cota xeral
  - a) Os estudantes que na fase xeral da proba de acceso á universidade (PAU) elixisen unha materia de modalidade vinculada á rama do coñecemento da ensinanza á que se solicita acceder.
  - b) Os estudantes que superasen as probas de acceso á universidade (PAU) segundo normativas anteriores, por unha opción ou vía de acceso vinculada á rama do coñecemento da ensinanza á que se solicita acceder.
  - c) Os estudantes que acrediten estar en posesión dun título de técnico superior de formación profesional, técnico superior de artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior, aos que se refiren os artigos 44, 53 e 65 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, adscritos ás ramas do coñecemento da ensinanza á que se solicita acceder.
2. Da cota para os estudantes que superasen a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos de idade:
  - a) Os estudantes que superen a proba de acceso á universidade de maiores de 25 anos regulada polo Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, e que se examinasen na proba de acceso dunha opción vinculada á ensinanza de grao do Sistema Universitario de Galicia á que se pretende acceder.
  - b) Os estudantes que teñan superada a proba de acceso á universidade de maiores de 25 anos segundo normativas anteriores á establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e que se examinasen na proba de acceso dunha opción vinculada á ensinanza de grao do Sistema Universitario de Galicia á que se pretende acceder.

## 9. PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN EN TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS

### 9.1. Primeira convocatoria de matrícula

A CiUG asignará as prazas ofertadas en cada titulación en cada un dos prazos de matrícula que se establezan. A cada estudante asignaráselle a titulación de maior preferencia que lle corresponda en función da cota pola que se solicita o acceso e tendo en conta, en todo caso, a orde de prelación, os criterios de valoración e a preferencia para a adxudicación de prazas.

En cada prazo de matrícula publicarase a relación de alumnos e alumnas admitidos para matricularse en cada titulación, indicando os lugares e as datas para formalizar a matrícula. Os alumnos e as alumnas admitidos para matricularse na titulación solicitada en primeiro lugar de preferencia deberán matricularse no prazo establecido para o efecto, de non facelo perderán os seus dereitos de matrícula nesa convocatoria.

Enténdese por primeira preferencia aquela que o alumnado solicitase en primeiro lugar ou en lugares sucesivos se as titulacións solicitadas por enriba dela esgotaron as súas prazas.

Se o solicitante aparece convocado/a nunha titulación que non sexa a de primeira preferencia, poderá esperar a matricularse nela en tanto non se peche a matrícula nas titulacións solicitadas con maior preferencia. No caso de matricularse nela ou en calquera outra titulación sen límite de prazas, decae dos seus dereitos de continuar no proceso de ingreso en titulacións con límite de prazas.

## 9.2. Sucesivas convocatorias de matrícula

Na convocatoria extraordinaria non se ofertarán prazas nas titulacións que tivesen a matrícula cuberta na convocatoria ordinaria ou aquelas nas que a CIUG considerase que existen datos obxectivos que permitan prever esa circunstancia. En todo caso, non se poderán deixar prazas vacantes previamente ofertadas mentres existan solicitudes formalizadas dentro dos prazos establecidos.

Despois da primeira convocatoria de matrícula, poden quedar prazas vacantes como consecuencia de que algún dos alumnos convocados non formalice a súa matrícula. Neste caso, sobre as prazas vacantes realízase unha reasignación automática de acordo cos mesmos criterios cos que se fixo a primeira convocatoria e convocaranse os alumnos para formalizar a matrícula, nos prazos sinalados anteriormente, a partir do segundo prazo de matrícula.

As sucesivas convocatorias de matrícula anunciaranse nos LERD, na CIUG e vía Internet.

Nestas convocatorias sucesivas os/as alumnos/as pódense atopar nos seguintes supostos:

- \* Se o/a alumno/a é convocado/a para matricularse na titulación da súa primeira preferencia, deberá facer a matrícula, pois do contrario perderá todos os seus dereitos. Enténdese por primeira preferencia aquela que o/a alumno/a solicitou no primeiro lugar ou en lugares sucesivos no caso de se esgotaren as prazas (“peche”) das titulacións solicitadas nas primeiras preferencias.
- \* Se o/a alumno/a é convocado/a a matricularse nunha titulación de menor preferencia, poderase matricular ou non.
  - *De facelo*, a matrícula considerarase firme e non terá a oportunidade de cambiarse a outra titulación.
  - *De non facelo*, poderá esperar a matricularse nunha titulación de maior preferencia ata o peche da matrícula nestas, o que se anunciará coa publicación das sucesivas listaxes de admitidos e de espera.

O peche de matrícula dunha determinada titulación implica a desaparición automática das listas de espera, de xeito que non se volverá a abrir de novo a matrícula desa titulación.

## 10. PROBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO

Para o acceso ás ensinanzas universitarias de grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e de grao en Tradución e Interpretación precisarase da superación das probas específicas de acceso establecidas polas universidades, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro.

A información sobre estas probas de avaliación é facilitada polas secretarías dos centros correspondentes das universidades da Coruña e de Vigo.

## 11. RECLAMACIÓNS

O alumnado poderá presentar reclamación á súa asignación de prazas no LERD no que presentou solicitude de acceso e dirixida ao presidente da CIUG.

A resolución da reclamación correspóndelle á CIUG e será asinada polo delegado do reitor da universidade na que se imparta a titulación obxecto da reclamación.

O resultado comunicaráselle ao interesado ou interesada, a través das listaxes de asignación de prazas ou dunha notificación persoal, indicando, se é o caso, o prazo para matricularse.

Contra a resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia comisión, que porá fin á vía administrativa. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso potestativo de reposición.

No caso de presentar recurso contencioso administrativo, a Administración demandada será a universidade responsable da titulación na que o alumno ou alumna solicita o ingreso. No caso de demanda, a responsabilidade, en materia de persoal, corresponderalle a cada universidade.

## 12. PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN EN TITULACIÓNS SEN LÍMITE DE PRAZAS

Para o acceso a titulacións sen límite de prazas (de matrícula inmediata), non é necesario facer ningunha solicitude de admisión (preinscrición).

O alumnado que cumpra os requisitos legalmente esixibles e que o xustifique debidamente poderase matricular no prazo establecido para tal efecto polas universidades, que abranguerá normalmente dende o 1 de xullo ata finais do mes de outubro (agás o mes de agosto).

No caso de que figuren nas listaxes de espera de titulacións con límite de prazas, os/as alumnos/as deberán agardar a ser convocados/as nas sucesivas listaxes de admitidos en titulacións con límite de prazas e, no caso de que na derradeira listaxe de admitidos non ingresen en ningunha destas titulacións, poderán matricularse nas titulacións que non posúan límite durante o prazo extraordinario que para estes efectos establezan as universidades.

## 13. OFERTA DE PRAZAS NAS TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS OFICIAIS DAS UNIVERSIDADES DO SUG NO CURSO 2010-2011

### 13.1. Universidade da Coruña

UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
GRAO	CENTROS	Límite prazas 2010-11
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (A Coruña)	240
Arquitectura	ETS Arquitectura (A Coruña)	200
Arquitectura Naval	Escola Politécnica Superior (Ferrol)	50
Bioloxía	Facultade de Ciencias (A Coruña)	80
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Facultade de CC. do Deporte e a Educación Física (A Coruña)	120
Ciencias Empresariais	EU de Estudos Empresariais (A Coruña)	180
Comunicación Audiovisual	Facultade de Ciencias da Comunicación (A Coruña)	50
Dereito	Facultade de Dereito (A Coruña)	180
Economía	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (A Coruña)	60
Educación Infantil	Facultade de CC. da Educación (A Coruña)	120
Educación Primaria	Facultade de CC. da Educación (A Coruña)	120
Educación Social	Facultade de CC. da Educación (A Coruña)	80
Enfermaría	Centro Adscrito (A Coruña)	60

UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
GRAO	CENTROS	Límite prazas 2010-11
Enfermaría	EU de Enfermaría e Podoloxía (Ferrol)	60
Enxeñaría das Tecnoloxías Industriais	Escola Politécnica Superior (Ferrol)	60
Enxeñaría de Edificación	EU Arquitectura Técnica (A Coruña)	200
Enxeñaría de Obras Públicas	ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (A Coruña)	120
Enxeñaría Eléctrica	EU Politécnica (Ferrol)	60
Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	EU Politécnica (Ferrol)	50
Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	EU de Deseño Industrial (Ferrol)	70
Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque	EU Politécnica (Ferrol)	50
Enxeñaría Informática	Facultade de Informática (A Coruña)	260
Enxeñaría Mecánica	Escola Politécnica Superior (Ferrol)	60
Fisioterapia	EU de Fisioterapia (A Coruña)	60
Humanidades	Facultade de Humanidades (Ferrol)	30
Información e Documentación	Facultade de Humanidades (Ferrol)	30
Logopedia	Facultade de CC. da Educación (A Coruña)	55
Podoloxía	EU de Enfermaría e Podoloxía (Ferrol)	50
Tecnoloxía de Enxeñaría Civil	ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (A Coruña)	80
Terapia Ocupacional	Facultade de CC. da Saúde (A Coruña)	50
Enxeñaría Mariña	ETS de Náutica e Máquinas (A Coruña)	Sen Límite
Enxeñaría Náutica e de Transporte Marítimo	ETS de Náutica e Máquinas (A Coruña)	Sen Límite
Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	Facultade de Filoloxía (A Coruña)	Sen Límite
Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	Facultade de Filoloxía (A Coruña)	Sen Límite
Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	Facultade de Filoloxía (A Coruña)	Sen Límite
Química	Facultade de Ciencias (A Coruña)	Sen Límite
Relacións Laborais e Recursos Humanos	Centro Adscrito (A Coruña)	Sen Límite
Relacións Laborais e Recursos Humanos	EU de Realcións Laborais (Ferrol)	Sen Límite
Socioloxía	Facultade de Socioloxía (A Coruña)	Sen Límite
Turismo	Centro Adscrito (A Coruña)	Sen Límite

## 13.2. Universidade de Santiago de Compostela

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA		
GRAO	CENTROS	Límite prazas 2010-11
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de CC. Económicas e Empresariais (Santiago)	250
Bioloxía	Facultade de Bioloxía (Santiago)	150
Ciencia Política e da Administración	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (Santiago)	100
Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	Facultade de Humanidades (Lugo)	25
Comunicación Audiovisual	Facultade de Ciencias da Comunicación (Santiago)	40
Dereito	Facultade de Dereito (Santiago)	240
Economía	Facultade de CC. Económicas e Empresariais (Santiago)	125
Educación Infantil	Facultade de Ciencias da Educación (Santiago)	80
Educación Infantil	Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB (Lugo)	100
Educación Primaria	Facultade de Ciencias da Educación (Santiago)	140
Educación Primaria	Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB (Lugo)	100
Educación Social	Facultade de Ciencias da Educación (Santiago)	75
Enfermaría	Escola Universitaria de Enfermaría (Santiago)	150
Enfermaría	Centro Adscrito (Lugo)	75
Enxeñaría Agrícola e de Medio Rural	Escola Politécnica Superior (Lugo)	80
Enxeñaría Civil	Escola Politécnica Superior (Lugo)	50
Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias	Escola Politécnica Superior (Lugo)	80
Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	Escola Politécnica Superior (Lugo)	80
Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	Facultade de Ciencias (Lugo)	40
Enxeñaría Informática	Escola Técnica Superior de Enxeñaría (Santiago)	60
Enxeñaría Química	Escola Técnica Superior de Enxeñaría (Santiago)	60
Enxeñaría en Xeomática e Topografía	Escola Politécnica Superior (Lugo)	50
Farmacía	Facultade de Farmacia (Santiago)	200
Historia	Facultade de Xeografía e Historia (Santiago)	100
Historia da Arte	Facultade de Xeografía e Historia (Santiago)	80
Medicina	Facultade de Medicina e Odontoloxía (Santiago)	400
Nutrición Humana e Dietética	Facultade de Ciencias (Lugo)	40
Odontoloxía	Facultade de Medicina e Odontoloxía (Santiago)	40
Óptica e Optometría	Escola Universitaria de Óptica e Optometría (Santiago)	60
Pedagogía	Facultade de Ciencias da Educación (Santiago)	75
Psicoloxía	Facultade de Psicoloxía (Santiago)	150
Química	Facultade de Química (Santiago)	125
Relacións Laborais e Recursos Humanos	Escola Universitaria de Relacións Laborais (Santiago)	100
Traballo Social	Escola Universitaria de Traballo Social (Santiago)	90
Veterinaria	Facultade de Veterinaria (Lugo)	110
Xornalismo	Facultade de Ciencias da Comunicación (Santiago)	100
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Lugo)	Sen Límite
Filoxía Clásica	Facultade de Filoxía (Santiago)	Sen Límite

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA		
GRAO	CENTROS	Límite prazas 2010-11
Filosofía	Facultade de Filosofía (Santiago)	Sen Límite
Física	Facultade de Física (Santiago)	Sen Límite
Lingua e Literatura Españolas	Facultade de Filoloxía (Santiago)	Sen Límite
Lingua e Literatura Galegas	Facultade de Filoloxía (Santiago)	Sen Límite
Lingua e Literatura Inglesas	Facultade de Filoloxía (Santiago)	Sen Límite
Lingua e Literatura Modernas	Facultade de Filoloxía (Santiago)	Sen Límite
Matemáticas	Facultade de Matemáticas (Santiago)	Sen Límite
Relacións Laborais e Recursos Humanos	Centro Adscrito (Lugo)	Sen Límite
Xeografía e Ordenación do Territorio	Facultade de Xeografía e Historia (Santiago)	Sen Límite

### 13.3. Universidade de Vigo

UNIVERSIDADE DE VIGO		
GRAO	CENTROS	Límite prazas 2010-11
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de CC. Empresariais e Turismo (Ourense)	120
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de CC. Económicas e Empresariais (Vigo)	240
Administración e Dirección de Empresas	Centro Adscrito (Caixanova)	60
Belas Artes	Facultade de Belas Artes (Pontevedra)	130
Bioloxía	Facultade de Bioloxía (Vigo)	64
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Facultade de Ciencias (Ourense)	30
Ciencias Ambientais	Facultade de Ciencias (Ourense)	40
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Facultade de CC. da Educación e do Deporte (Pontevedra)	100
Ciencias do Mar	Facultade de Ciencias del Mar (Vigo)	70
Comercio	EU Estudos Empresariais (Vigo)	120
Comunicación Audiovisual	Facultade de CC. Sociais e da Comunicación (Pontevedra)	40
Consultoría e Xestión da Información	Facultade de CC. Empresariais e Turismo (Ourense)	40
Dereito	Facultade de Dereito (Ourense)	60
Dereito	Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo (Vigo)	80
Dirección e Xestión Pública	Facultade de CC. Sociais e da Comunicación (Pontevedra)	40
Economía	Facultade de CC. Económicas e Empresariais (Vigo)	60
Educación Infantil	Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)	75
Educación Infantil	Facultade de CC. da Educación e do Deporte (Pontevedra)	75
Educación Infantil	Centro Adscrito (Vigo)	75
Educación Primaria	Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)	75
Educación Primaria	Facultade de CC. da Educación e do Deporte (Pontevedra)	75

UNIVERSIDADE DE VIGO		
GRAO	CENTROS	Límite prazas 2010-11
Educación Primaria	Centro Adscrito (Vigo)	75
Educación Social	Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)	75
Enfermaría	Centro Adscrito (Ourense)	50
Enfermaría	Centro Adscrito (Pontevedra)	50
Enfermaría	Centro Adscrito (Povisa)	60
Enfermaría	Centro Adscrito (Meixoeiro)	50
Enxeñaría Agraria	Facultade de Ciencias (Ourense)	30
Enxeñaría de Enerxía	ETSE Minas (Vigo)	40
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	ETSI Telecomunicación (Vigo)	150
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	ETSE Minas (Vigo)	40
Enxeñaría Eléctrica	ETSII e EUITI (Vigo)	75
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	ETSII e EUITI (Vigo)	120
Enxeñaría en Organización Industrial	ETSII e EUITI (Vigo)	80
Enxeñaría en Química Industrial	ETSII e EUITI (Vigo)	80
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	ETSII e EUITI (Vigo)	200
Enxeñaría Forestal	E.U. Enxeñaría Técnica Forestal (Pontevedra)	50
Enxeñaría Informática	E.S.Enxeñaría Informática (Ourense)	100
Enxeñaría Mecánica	ETSII e EUITI (Vigo)	180
Enxeñaría Mecánica	CUD da Escola Naval de Marín (centro adscrito)	100
Estudos de Galego e Español	Facultade de Filoloxía e Tradución (Vigo)	30
Fisioterapia	EU Fisioterapia (Pontevedra)	50
Linguas Estranxeiras	Facultade de Filoloxía e Tradución (Vigo)	40
Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de CC. Sociais e da Comunicación (Pontevedra)	100
Química	Facultade de Química (Vigo)	60
Relacións Laborais e Recursos Humanos	Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo (Vigo)	80
Traballo Social	Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)	75
Tradución e Interpretación	Facultade de Filoloxía e Tradución (Vigo)	120
Turismo	Facultade de CC. Empresariais e Turismo (Ourense)	60
Xeografía e Historia	Facultade de Historia (Ourense)	30



## 14. NORMATIVA

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4 de maio de 2006).
- Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, modificado polo Real decreto 558/2010, do 7 de maio (BOE do 8 de maio).
- Orde EDU/1719/2010, do 21 de xuño, pola que se establece a adscripción dos títulos declarados equivalentes os títulos de Técnico Superior de Formación Profesional, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico Deportivo Superior as ramas de coñecemento e se adapta para eles a fórmula para o cálculo da nota de admisión as ensinanzas universitarias de grao (BOE do 29 de xuño)
- Orde de 16 de decembro de 2009, que regula para o ano académico 2009-2010 a proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao (DOG do 12 de xaneiro 2010), modificada pola Orde do 11 de febreiro de 2010 e pola Orde do 10 de maio de 2010 (DOG do 19 de maio).
- Orde do 11 de maio de 2010 pola que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias de grao e os procedementos de admisión ás tres universidades do SUG (DOG 19 de maio).

## 15. LUGARES DE MATRÍCULA

**UNIVERSIDADE DA CORUÑA:** Os centros onde se imparten as correspondentes titulacións. A matrícula poderá facerse tamén en Internet (<http://matricula.udc.es>).

### UNIVERSIDADE DE SANTIAGO:

**CAMPUS DE SANTIAGO:** As unidades de xestión situadas nos campus universitarios norte e sur.

**CAMPUS DE LUGO:** A unidade de xestión académica situada no campus. A matrícula poderá facerse tamén en Internet (<http://matricula.usc.es>).

**UNIVERSIDADE DE VIGO:** Os centros onde se imparten as correspondentes titulacións. A matrícula poderá facerse tamén en Internet (<http://www.uvigo.es> Alumnado: AUTO-MATRÍCULA).

## Lugares de entrega e recollida de documentación – LERD

### Universidade da Coruña

---

■ LERD N.º 3 – CAMPUS DA CORUÑA

Pavillón de Estudantes  
Campus de Elviña  
15192 A Coruña  
Teléfono: 981 167 196  
Fax: 981 167 198  
[lerdcoruna@udc.es](mailto:lerdcoruna@udc.es)

■ LERD N.º 4 – CAMPUS DE FERROL

Campus de Esteiro  
Edificio de Usos Administrativos, planta baixa  
15405 Ferrol  
Teléfono: 981 337 451  
Fax: 981 337 456  
[lerdfer@udc.es](mailto:lerdfer@udc.es)

### Universidade de Santiago de Compostela

---

■ LERD N.º 1 – CAMPUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Servizo de Xestión Académica – OIU  
Pavillón Estudantil, 2.º andar-zona sur  
15782 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 547 111  
Teléfono de información: 902 101 022  
Fax: 981 595 117  
[oiusec@usc.es](mailto:oiusec@usc.es)

■ LERD N.º 2 – CAMPUS DE LUGO

Edificio Biblioteca-Intercentros, planta baixa  
Campus Universitario  
27002 Lugo

Teléfono: 982 285 900

Fax: 982 285 907

alu351@si.usc.es

### Universidade de Vigo

---

■ LERD N.º 5 – CAMPUS DE VIGO

Edificio Miralles, sala 4

Campus Universitario, s/n

36200 Vigo

Teléfono: 986 813 771/772

Fax: 986 813 633

alumnado01@uvigo.es

■ LERD N.º 6 – CAMPUS DE OURENSE

Unidade Administrativa. Área de Servizos á Comunidade

Campus As Lagoas

32004 Ourense

Teléfono: 988 387 102

Fax: 988 387 165

siope-ou@uvigo.es

■ LERD N.º 7 – CAMPUS DE PONTEVEDRA

Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal

Área de Servizos á Comunidade

Campus A Xunqueira, s/n

36005 Pontevedra

Teléfono: 986 801 949

Fax: 986 801 907

xascopo@uvigo.es

## 16. NOTAS DE CORTE. CURSO 2010-2011

## 16.1. Universidade da Coruña

UNIVERSIDADE DA CORUÑA			
GRAO	CENTROS	Nota de corte	
		Convocatoria	Nota de admisión
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de Economía e Empresa (A Coruña)	Xuño	5,004
Arquitectura	ETS Arquitectura (A Coruña)	Xuño	7,936
Arquitectura Naval	Escola Politécnica Superior (Ferrol)	Setembro	5,030
Bioloxía	Facultade de Ciencias (A Coruña)	Xuño	5,650
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Facultade de CC. do Deporte e a Educación Física (A Coruña)	Xuño	5,264
Ciencias Empresariais	Facultade de Economía e Empresa (A Coruña)	Setembro	5,000
Comunicación Audiovisual	Facultade de Ciencias da Comunicación (A Coruña)	Xuño	8,342
Dereito	Facultade de Dereito (A Coruña)	Xuño	6,372
Economía	Facultade de Economía e Empresa (A Coruña)	Setembro	8,686
Educación Infantil	Facultade de CC. da Educación (A Coruña)	Xuño	6,740
Educación Primaria	Facultade de CC. da Educación (A Coruña)	Xuño	7,090
Educación Social	Facultade de CC. da Educación (A Coruña)	Xuño	5,160
Enfermaría	Centro Adscrito (A Coruña)	Xuño	10,000
Enfermaría	EU de Enfermaría e Podoloxía (Ferrol)	Xuño	9,400
Enxeñaría das Tecnoloxías Industriais	Escola Politécnica Superior (Ferrol)	Setembro	5,054
Enxeñaría de Edificación	EU Arquitectura Técnica (A Coruña)	Setembro	5,028
Enxeñaría de Obras Públicas	ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (A Coruña)	Xuño	6,850
Enxeñaría Eléctrica	EU Politécnica (Ferrol)	Setembro	5,254
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	EU Politécnica (Ferrol)	Xuño	5,220
Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	EU de Deseño Industrial (Ferrol)	Xuño	6,200
Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque	EU Politécnica (Ferrol)	Setembro	5,942
Enxeñaría Informática	Facultade de Informática (A Coruña)	Setembro	5,088
Enxeñaría Mecánica	Escola Politécnica Superior (Ferrol)	Setembro	5,560
Fisioterapia	EU de Fisioterapia (A Coruña)	Xuño	9,800
Humanidades	Facultade de Humanidades (Ferrol)	Setembro	5,074
Información e Documentación	Facultade de Humanidades (Ferrol)	Setembro	5,142
Logopedia	Facultade de CC. da Educación (A Coruña)	Xuño	5,020
Podoloxía	EU de Enfermaría e Podoloxía (Ferrol)	Xuño	6,780
Tecnoloxía de Enxeñaría Civil	ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (A Coruña)	Xuño	8,790
Terapia Ocupacional	Facultade de CC.da Saúde (A Coruña)	Xuño	8,346

## 16.2. Universidade de Santiago de Compostela

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA			
GRAO	CENTROS	Nota de corte	
		Convocatoria	Nota de admisión
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de CC. Económicas e Empresariais (Santiago)	Xuño	5,000
Bioloxía	Facultade de Bioloxía (Santiago)	Xuño	5,000
Ciencia Política e da Administración	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (Santiago)	Setembro	5,760
Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	Facultade de Humanidades (Lugo)	Setembro	5,002
Comunicación Audiovisual	Facultade de Ciencias da Comunicación (Santiago)	Xuño	9,580
Dereito	Facultade de Dereito (Santiago)	Xuño	6,382
Economía	Facultade de CC. Económicas e Empresariais (Santiago)	Setembro	6,309
Educación Infantil	Facultade de Ciencias da Educación (Santiago)	Xuño	7,230
Educación Infantil	Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB (Lugo)	Xuño	5,178
Educación Primaria	Facultade de Ciencias da Educación (Santiago)	Xuño	7,110
Educación Primaria	Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB (Lugo)	Xuño	6,080
Educación Social	Facultade de Ciencias da Educación (Santiago)	Xuño	6,506
Enfermaría	Escola Universitaria de Enfermaría (Santiago)	Xuño	9,300
Enfermaría	Centro Adscrito (Lugo)	Xuño	9,338
Enxeñaría Agrícola e de Medio Rural	Escola Politécnica Superior (Lugo)	Setembro	5,260
Enxeñaría Civil	Escola Politécnica Superior (Lugo)	Xuño	5,190
Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias	Escola Politécnica Superior (Lugo)	Setembro	5,326
Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	Escola Politécnica Superior (Lugo)	Setembro	5,406
Enxeñaría de Procesos Químicos I.	Facultade de Ciencias (Lugo)	Setembro	5,008
Enxeñaría Informática	Escola Técnica Superior de Enxeñaría (Santiago)	Xuño	9,018
Enxeñaría Química	Escola Técnica Superior de Enxeñaría (Santiago)	Xuño	8,164
Enxeñaría en Xeomática e Topografía	Escola Politécnica Superior (Lugo)	Setembro	5,293
Farmacía	Facultade de Farmacia (Santiago)	Xuño	7,066
Historia	Facultade de Xeografía e Historia (Santiago)	Xuño	5,010
Historia da Arte	Facultade de Xeografía e Historia (Santiago)	Setembro	7,936
Medicina	Facultade de Medicina e Odontoloxía (Santiago)	Xuño	11,230
Nutrición Humana e Dietética	Facultade de Ciencias (Lugo)	Xuño	8,100
Odontoloxía	Facultade de Medicina e Odontoloxía (Santiago)	Xuño	10,960
Óptica e Optometría	Escola Universitaria de Óptica e Optometría (Santiago)	Xuño	7,102
Pedagoxía	Facultade de Ciencias da Educación (Santiago)	Xuño	6,320

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA			
GRAO	CENTROS	Nota de corte	
		Convocatoria	Nota de admisión
Psicoloxía	Facultade de Psicoloxía (Santiago)	Xuño	8,534
Química	Facultade de Química (Santiago)	Setembro	6,018
Relacións Laborais e Recursos Humanos	Escola Universitaria de Relacións Laborais (Santiago)	Setembro	5,942
Traballo Social	Escola Universitaria de Traballo Social (Santiago)	Setembro	6,108
Veterinaria	Facultade de Veterinaria (Lugo)	Xuño	8,300
Xornalismo	Facultade de Ciencias da Comunicación (Santiago)	Xuño	9,087

### 16.3. Universidade de Vigo

UNIVERSIDADE DE VIGO			
GRAO	CENTROS	Nota de corte	
		Convocatoria	Nota de admisión
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de CC. Empresariales e Turismo (Ourense)	Setembro	5,516
Administración e Dirección de Empresas	Facultade de CC. Económicas e Empresariais (Vigo)	Setembro	5,568
Administración e Dirección de Empresas	Centro Adscrito (Caixanova)	Setembro	5,414
Belas Artes	Facultade de Belas Artes (Pontevedra)	Setembro	5,104
Bioloxía	Facultade de Bioloxía (Vigo)	Xuño	6,428
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	Facultade de Ciencias (Ourense)	Setembro	5,030
Ciencias Ambientais	Facultade de Ciencias (Ourense)	Xuño	6,534
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Facultade de CC. da Educación e do Deporte (Pontevedra)	Xuño	5,290
Ciencias do Mar	Facultade de Ciencias del Mar (Vigo)	Setembro	8,500
Comercio	E.U. Estudos Empresariais (Vigo)	Setembro	5,068
Comunicación Audiovisual	Facultade de CC. Sociais e da Comunicación (Pontevedra)	Xuño	8,418
Consultoría e Xestión da Información	Facultade de CC. Empresariales e Turismo (Ourense)	Setembro	5,160
Dereito	Facultade de Dereito (Ourense)	Xuño	5,268
Dereito	Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo (Vigo)	Xuño	6,260
Dirección e Xestión Pública	Facultade de CC. Sociais e da Comunicación (Pontevedra)	Setembro	5,000
Economía	Facultade de CC. Económicas e Empresariais (Vigo)	Setembro	5,032
Educación Infantil	Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)	Xuño	5,910
Educación Infantil	Facultade de CC. da Educación e do Deporte (Pontevedra)	Xuño	7,000
Educación Infantil	Centro Adscrito (Vigo)	Setembro	6,684

UNIVERSIDADE DE VIGO			
GRAO	CENTROS	Nota de corte	
		Convocatoria	Nota de admisión
Educación Primaria	Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)	Xuño	6,387
Educación Primaria	Facultade de CC. da Educación e do Deporte (Pontevedra)	Xuño	7,090
Educación Primaria	Centro Adscrito (Vigo)	Setembro	9,040
Educación Social	Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)	Xuño	6,724
Enfermaría	Centro Adscrito (Ourense)	Xuño	9,276
Enfermaría	Centro Adscrito (Pontevedra)	Xuño	9,474
Enfermaría	Centro Adscrito (Povisa)	Xuño	9,100
Enfermaría	Centro Adscrito (Meixoeiro)	Xuño	9,550
Enxeñaría Agraria	Facultade de Ciencias (Ourense)	Setembro	5,504
Enxeñaría de Enerxía	ETSE Minas (Vigo)	Xuño	8,812
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	ETSI Telecomunicación (Vigo)	Setembro	5,234
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	ETSE Minas (Vigo)	Setembro	7,334
Enxeñaría Eléctrica	ETSII e EUITI (Vigo)	Setembro	5,078
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	ETSII e EUITI (Vigo)	Setembro	5,082
Enxeñaría en Organización Industrial	ETSII e EUITI (Vigo)	Setembro	5,022
Enxeñaría en Química Industrial	ETSII e EUITI (Vigo)	Setembro	5,104
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	ETSII e EUITI (Vigo)	Setembro	5,128
Enxeñaría Forestal	E.U. Enxeñaría Técnica Forestal (Pontevedra)	Setembro	5,216
Enxeñaría Informática	E.S.Enxeñaría Informática (Ourense)	Setembro	5,208
Enxeñaría Mecánica	ETSII e EUITI (Vigo)	Setembro	5,826
Estudos de galego e español	Facultade de Filoloxía e Tradución (Vigo)	Setembro	5,066
Fisioterapia	E.U. Fisioterapia (Pontevedra)	Xuño	10,000
Linguas Estranxeiras	Facultade de Filoloxía e Tradución (Vigo)	Xuño	6,046
Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de CC. Sociais e da Comunicación (Pontevedra)	Xuño	7,606
Química	Facultade de Química (Vigo)	Setembro	5,008
Relacións Laborais e Recursos Humanos	Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo (Vigo)	Setembro	5,694
Traballo Social	Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)	Setembro	5,384
Tradución e Interpretación, ESPAÑOL-INGLÉS	Facultade de Filoloxía e Tradución (Vigo)	Xuño	9,070
Tradución e Interpretación, ESPAÑOL-FRANCÉS		Xuño	5,752
Tradución e Interpretación, GALEGO-INGLÉS		Xuño	5,290
Tradución e Interpretación, GALEGO-FRANCÉS		Setembro	5,288
Turismo	Facultade de CC. Empresariais e Turismo (Ourense)	Setembro	5,108

UNIVERSIDADE DE VIGO			
GRAO	CENTROS	Nota de corte	
		Convocatoria	Nota de admisión
Xeografía e Historia	Facultade de Historia (Ourense)	Setembro	5,694



9

## **Bolsas, axudas e premios**



\* A información relativa ás bolsas, axudas e premios é orientativa e pode sufrir modificacións noutras convocatorias posteriores.

## 1. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### Axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios nas universidades do Sistema Universitario de Galicia que, por causa sobrevida ou imprevista, teña dificultades económicas para continuar estudos

#### *Obxecto*

Regular o procedemento de concesión, baixo o réxime de concorrencia non competitiva, de axudas ao alumnado universitario cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas que lles impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

#### *Destinatarios*

Alumnado universitario.

#### *Requisitos*

- Ter unha necesidade urxente de recursos económicos para paliar a situación de urxencia derivada dunha causa sobrevida ou imprevista (orfandade absoluta, falecemento pai/nai/titor legal, desemprego sustentador principal, enfermidade grave, violencia de xénero cara a el/ela ou o seu proxenitor/a, vítimas de actos terroristas, separación, divorcio, ruína ou quebra familiar e outras circunstancias non previstas que, sendo xustificadas, repercutan na situación socioeconómica familiar).
- Que a situación sobrevida ou imprevista aconteza durante o ano 2011.
- Estar matriculado, como mínimo en 50 créditos, en estudos universitarios presenciais conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico en calquera das universidades do SUG.
- Ter fixada a súa residencia familiar en Galicia cun mínimo de tres anos consecutivos e anteriores á data de publicación desta convocatoria.
- Que a renda per cápita da unidade familiar non sexa superior ao importe anual da pensión non contributiva individual.
- Non ter percibida esta axuda con anterioridade.

#### *Como solicitalas*

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

régime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

### **Contía**

Segundo os límites de renda per cápita:

Límites de renda	Contía da axuda
Ata 3.000 €	2.500 euros
De 3.001€ a 3.500 €	2.000 euros
De 3.501€ a 4.000 €	1.500 euros
De 4.001€ a 4.755,80 €	1.250 euros

### **Convocatoria (aberta durante todo o curso académico)**

Texto da última convocatoria: Orde do 15 de abril de 2010.

Data de publicación: DOG do 23 de abril.

### **Información**

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

## **Axudas a estudantes universitarios para a asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares.**

### **Obxecto**

Favorecer a participación e asistencia dos estudantes universitarios do Sistema Universitario de Galicia e dos centros asociados da UNED a congresos, simposios, seminarios ou similares nos que se traten aspectos relacionados coas materias obxecto de estudo na titulación cursada.

### **Destinatarios**

Alumnado universitario do SUG e dos centros asociados da UNED en Galicia.

### **Requisitos**

- Estar matriculado/a en calquera das universidades do SUG, ou nos centros asociados da UNED en Galicia, no derradeiro curso de estudos conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou nun máster universitario.
- Atoparse matriculado/a, nos plans de estudos estruturados por créditos, como mínimo en 50 créditos, incluído neles o proxecto fin de carreira. Para os estudos de máster universitario, estar matriculado dun mínimo de 60 créditos nun máster universitario de carácter presencial impartido nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.
- Posuír unha nota media no expediente académico igual ou superior a 1,50 puntos. No caso de alumnado de ensinanzas técnicas, a nota obtida polo alumno ou alumna multiplicarase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos.
- Asistir a un congreso, seminario, simposio ou similar organizado por universidades públicas, privadas ou outras institucións de recoñecido prestixio académico no que se traten aspectos relacionados coas materias obxecto dos estudos que se están a realizar.

- Que as actividades teñan unha duración mínima de vinte e catro horas acreditadas pola entidade organizadora.

#### **Como solicitalas**

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

#### **Contía**

Determinarase na convocatoria en función do lugar de realización e si presentan ou non comunicación, póster ou similar.

#### **Convocatoria**

Texto da última convocatoria: Orde do 22 de marzo de 2010.

Data de publicación: DOG do 30 de marzo.

#### **Información**

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

### **Axudas complementarias ás achegadas pola UE no marco do Programa comunitario de mobilidade Erasmus e de Suíza para estudantes universitarios que participan nesta acción.**

#### **Obxecto**

Favorecer novas oportunidades de formación e a incentivación do rendemento escolar.

#### **Destinatarios**

Alumnado universitario.

#### **Requisitos**

- Ser cidadán ou cidadá da Comunidade Europea ou estranxeiro/a non comunitario/a con residencia legalizada no Estado.
- Estar matriculado/a en calquera das universidades do SUG, ou nos centros asociados da UNED en Galicia, para realizar estudos universitarios oficiais conducentes aos títulos universitarios de grao, licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a, diplomado/a, mestre/a, enxeñeiro/a técnico/a e arquitecto/a técnico/a.
- Participar no programa de mobilidade universitaria con autorización da universidade de orixe e ser beneficiario da axuda achegada pola UE no marco do PAP.
- Non gozar desta bolsa complementaria en convocatorias anteriores.

#### **Como solicitalas**

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

régime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

### **Contía**

En función dos criterios fixados na convocatoria.

### **Convocatoria**

Texto da última convocatoria: Orde do 30 de novembro de 2010.

Data de publicación: DOG do 10 de decembro.

### **Información**

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

## **Bolsas de colaboración en departamentos das universidades do SUG destinadas ao alumnado de excelencia académica.**

### **Obxecto**

Iniciarse en tarefas docentes e de investigación directamente vinculadas cos estudos que estean a cursar, permitindo con isto o crecemento e a potenciación do Sistema Universitario de Galicia.

### **Destinatarios**

Alumnado universitario.

### **Requisitos**

- Non estar en posesión ou disposición legal de obter o título académico de grao, licenciado/a, enxeñeiro /a ou arquitecto/a.
- Matricularse en calquera das tres universidades que compoñen o SUG, no último curso dos estudos conducentes a unha titulación de grao, licenciado/a, enxeñeiro/a ou arquitecto/a na totalidade das materias ou créditos que lle resten para rematar os seus estudos, excluíndo do mencionado cómputo o proxecto fin de carreira.
- Ter superado un número mínimo de créditos fixados na convocatoria.
- Posuír unha nota media simple igual ou superior a 2 puntos.
- Presentar un proxecto de colaboración debidamente avalado polo departamento universitario en que se vaia desenvolver.

### **Como solicitalas**

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

### **Contía**

350 euros mensuais.

### **Convocatoria**

Texto da última convocatoria: Orde do 30 de abril de 2010.

Data de publicación: DOG do 7 de maio.

### **Información**

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

### **Axudas a estudantes universitarios para estadias nalgún estado membro da Unión Europea, durante o verán, co obxecto de coñecer a lingua dese país.**

#### **Obxecto**

Convocar en réxime de concorrencia competitiva, 100 bolsas para estadias nalgún estado membro da Unión Europea co obxecto de favorecer a aprendizaxe e o perfeccionamento dun segundo idioma.

#### **Destinatarios**

Alumnado universitario do SUG e dos centros asociados da UNED en Galicia.

#### **Requisitos**

- Estar matriculado/a en calquera das universidades do SUG, ou nos centros asociados da UNED en Galicia en estudos conducentes ao título de grao, licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a, diplomado/a, mestre/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a ou nun máster universitario.
- Posuír unha nota media no expediente académico igual ou superior a 1,50 puntos. No caso de alumnado de ensinanzas técnicas, a nota obtida polo/a alumno/a multiplicarase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos.
- Ter superados, no momento de presentación da solicitude, 60 créditos en titulacións de primeiro ciclo ou 120 créditos en titulacións de grao ou de primeiro e segundo ciclo. No caso de máster universitario, ter superados os estudos da titulación correspondente que dá acceso a el.
- Atoparse matriculado/a, nos plans de estudos estruturados por créditos, como mínimo en 50 créditos, incluído neles o proxecto fin de carreira. Para os estudos de máster universitario, estar matriculado dun mínimo de 60 créditos, nun máster universitario de carácter presencial impartido nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.
- Realizar un curso de idiomas cunha duración mínima de tres semanas e cun mínimo de quince horas lectivas semanais. O idioma que se desexe cursar deberá corresponderse co idioma oficial do país elixido.

#### **Como solicitalas**

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarase no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

#### **Contía**

1.100 euros.

#### **Convocatoria**

Texto da última convocatoria: Orde do 22 de marzo de 2010.

Data de publicación: DOG do 30 de marzo.

### **Información**

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades

### **Bolsas para o desenvolvemento de actividades de formación académica de curta duración, desenvolvidas fóra da comunidade autónoma, destinadas a grupos de alumnos universitarios que cursen os seus estudos oficiais nas universidades do SUG.**

#### **Obxecto**

Adquirir coñecementos de materias específicas por medio de estadias formativas de curta duración en centros de estudos superiores, empresas ou institucións.

#### **Destinatarios**

Grupo de alumnos/as da mesma titulación universitaria

#### **Requisitos**

- Estar matriculado no derradeiro curso dos seus estudos universitarios de carácter oficial conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, mestre ou diplomado nalgunha das universidades do SUG.
- Participar na realización dunha actividade formativa como compoñente dun grupo de 10 alumnos como mínimo e de 15 como máximo, cunha duración máxima de 7 días, incluídos os días da viaxe.
- Cursar a mesma titulación todos os alumnos membros dese grupo e estar matriculados neste curso académico, polo menos, nunha materia do departamento con que se relacione a actividade formativa.
